

INFORMACIÓN SOCIOECONÓMICA SOBRE O SECTOR DO DEPORTE

NOTAS METODOLÓXICAS

1. Obxectivos e utilidades

A información socioeconómica sobre o sector do deporte é unha actividade estatística cuxo obxectivo é recompilar e explotar fontes de información de carácter transversal que inclúan información socioeconómica sobre o sector do deporte en Galicia.

Esta actividade programouse por primeira vez no Programa Estatístico Anual de 2025, e comeza coa explotación de cinco fontes de información nas que se pode extraer información socioeconómica do sector do deporte. Non debe considerarse un conxunto pechado, de feito, a actividade, que se actualizará de xeito continuo, nace co obxectivo de recoller toda a información dispersa que exista sobre o sector do deporte no ámbito da estatística pública.

Dependendo da fonte de información da que se extrae a información os ámbitos temporais, xeográficos ou a definición do sector do deporte pode cambiar. En todo caso, sempre será recomendable consultar a metodoloxía oficial de cada unha das fontes incluídas nesta actividade estatística.

2. Información contida

A continuación indícanse os trazos máis relevantes das táboas incluídas:

- Afiliacións vencelladas ao deporte en Galicia.
- Contas das sociedades mercantís do sector do deporte.
- Gasto en consumo final dos fogares vencellado ao deporte.
- Comercio exterior de bens vencellados ao deporte.
- Ensinanzas vencelladas ao deporte.

AFILIACIÓNS VENCELLADAS AO DEPORTE

Fonte de información:

Táboas de afiliacións á Seguridade Social facilitadas polo Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Ámbito de investigación: persoas afiliadas á Seguridade Social

A afiliación á Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador ou da traballadora e para todo o sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador ou a traballadora afíliase cando comeza a súa vida laboral e se dá de alta nalgún dos rexímenes do Sistema da Seguridade Social. Esta situación denomínase alta inicial. Se cesa na súa actividade será dado ou dada de baixa pero seguirá afiliado ou afiliada en situación de baixa laboral. Se retoma a actividade producirase unha alta denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

Contabilízase o número de afiliacións. Hai que ter en conta que este número non se corresponde, necesariamente, co de persoas afiliadas, senón co de situacións que xeran a obriga de cotizar ao Sistema. É dicir, unha mesma persoa contabilízase tantas veces como situacións de cotización distintas teña, xa sexa porque ten varias actividades nun mesmo réxime ou en varios distintos.

Achégase información das afiliacións por conta propia e por conta allea.

Ámbito xeográfico

O ámbito xeográfico é Galicia, isto é, as contas de cotización á seguridade social inscritas nalgunha das catro provincias galegas.

Ámbito temporal

O período de referencia da información de base é o ano natural.

Ámbito sectorial

A delimitación do sector do deporte comprende os seguintes códigos da CNAE-09:

- 3012 Construción de embarcacións de lecer e deporte
- 3092 Fabricación de bicicletas e de vehículos para persoas con discapacidade
- 323 Fabricación de artigos de deporte.
- 4764 Comercio a retallo de artigos deportivos en establecementos especializados.
- 7721 Aluguer de artigos de lecer e deportivos
- 8551 Educación deportiva e recreativa.
- 931 Actividades deportivas.

CONTAS DAS SOCIEDADES MERCANTILES EN GALICIA VENCELLADAS AO DEPORTE

Fonte de información:

Base de datos "Sistema de análise de balances ibérico" (SABI).

Ámbito de investigación:

O ámbito poboacional é o conxunto de empresas que presentan as súas contas de resultados nos Rexistros Mercantís de Galicia. A presentación das contas é unha obriga legal prevista no Código de Comercio que establece que "deberá presentarse un exemplar das contas anuais no Rexistro Mercantil do domicilio das sociedades anónimas, de responsabilidade limitada, comanditaria por accións e de garantía recíproca e, en xeral, calquera outros empresarios que veñan obrigados a dar publicidade ás súas contas anuais".

Queda fóra da investigación a levada a cabo por: i) as sociedades mercantís que tendo actividade en Galicia teñen a súa sede noutra Comunidade Autónoma; ii) os autónomos e sociedades non mercantís que non teñan a obriga de presentar as contas, e iii) as sociedades mercantís que, aínda tendo a sede en Galicia e estando obrigados e presentar as contas, non cumplan con esta obriga regulamentaria.

Ámbito xeográfico

O ámbito xeográfico é Galicia.

Ámbito temporal

O período de referencia da información de base é o ano natural.

Ámbito sectorial

A delimitación do sector do deporte comprende os seguintes códigos da CNAE-09:

- 3012 Construción de embarcacións de lecer e deporte
- 3092 Fabricación de bicicletas e de vehículos para persoas con discapacidade
- 323 Fabricación de artigos de deporte.
- 4764 Comercio a retallo de artigos deportivos en establecementos especializados.
- 7721 Aluguer de artigos de lecer e deportivos
- 8551 Educación deportiva e recreativa.
- 931 Actividades deportivas.

GASTO EN CONSUMO FINAL DOS FOGARES VENCELLADO AO DEPORTE

Fonte de información:

INE: Encuesta de presupuestos familiares.

Ámbito de investigación:

O ámbito poboacional é o conxunto de fogares privados que residen na Comunidade autónoma de Galicia. O obxecto de estudo é o gasto en consumo final en bens e servizos que utilizan para satisfacer as necesidades ou carencias dos membros do fogar. Dentro deste concepto inclúense tanto as compras efectuadas baixo forma monetaria como o valor estimado de certos bens e servizos (como por exemplo o autoconsumo), as remuneracións en especie, ou os alugueres imputados aos propietarios de vivendas ou aos que as disfrutan de forma gratuíta.

O gasto rexístrase a prezos de adquisición, é dicir, ao prezo ao que o comprador paga os produtos no momento da compra.

Esta fonte utiliza a ECOICOP/EPF, clasificación de bens e servizos con diferentes niveis de desagregación, que adapta a Clasificación de bens e servizos utilizada en Eurostat para as enquisas de presupostos (COICOP/HBS).

Ámbito xeográfico

O ámbito xeográfico é Galicia.

Ámbito temporal

O período de referencia da información de base é o ano natural.

Ámbito obxectivo

A definición dos bens e servizos vencellados ao deporte realízase a partir da ECOICOP/EPF a cinco díxitos. Establecemos dúas categorías de gasto:

- Equipos relacionados co deporte e o lecer:
 - o 07130 Bicicletas.
 - o 09210 Grandes equipos para o lecer e a cultura ao aire libre.
 - o 09222 Grandes equipos para o lecer e a cultura en lugares pechados.
 - o 09230 Mantemento e reparación de outros bens duradeiros para o lecer e a cultura.
 - o 09321 Equipo para deporte (tanto ao aire libre como en lugares cubertos).
 - o 09323 Reparación de equipo para deporte, acampado e lecer ao aire libre.
- Servizos recreativos e deportivos:
 - o 09411 Servizos recreativos e deportivos – asistencia.
 - o 09412 Servizos recreativos e deportivos – participación.

COMERCIO EXTERIOR DE BENS VENCELLADOS AO DEPORTE

Fonte de información:

Ficheiros facilitados polo *Departamento de Aduanas da Agencia Estatal de Administración Tributaria*

Ámbito de investigación:

O comercio exterior e intracomunitario de Galicia abrangue os intercambios de bens entre Galicia e os países da Unión Europa, excluído España e entre Galicia e os países non pertencentes á UE. No primeiro caso falaremos de introducións e expedicións e no segundo de importacións e exportacións.

A información provén do *Departamento de Aduanas e Impuestos especiales da Agencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT)* a través do sistema Intrastat (para os intercambios entre estados membros) e do Documento Único Aduaneiro (para os intercambios con terceiros países).

Os produtos intercambiados clasifícanse consonte á Nomenclatura Combinada (NC)¹, sistema de codificación a oito díxitos da UE que comprende os códigos do Sistema harmonizado con outras divisións da UE.

Ámbito xeográfico

Considéranse os intercambios nos que a orixe ou o destino da mercancía sexa Galicia.

Ámbito temporal

O período de referencia da información de base é o ano natural.

Ámbito obxectivo

A definición dos bens vencellados ao deporte realízase a partir da Nomenclatura Combinada. Establecemos tres categorías de bens, definidas consonte a determinados niveis da NC (citados entre paréntese) :

- Artigos e equipamento deportivo, que inclúe:
 - o Artigos para a práctica da neve (95061, 640212, 640312), de deportes acuáticos (95062), do golf (95063), para tenis (95064 e 95065), para patinaxe (95067), para ximnasia ou atletismo (95069), para paracaidismo (8804).
 - o Artigos para pesca (9507) e caza ou tiro (930320 e 930330)
 - o Bicicletas (8712), balóns ou pelotas (95066)
- Embarcacións de lecer ou deporte (8903).
- Roupas e calzado para lecer e deporte:
 - o Roupas (420321, 62111, 62112, 61122, 61123 e 61124).
 - o Calzado (640219, 640319, 640411).

¹ Esta clasificación apróbase anualmente. No seguinte enlace atópase a correspondente ao ano 2023: https://showvoc.op.europa.eu/#/datasets/ESTAT_Combined_Nomenclature_2023_%28CN_2023%29/data

ENSINANZAS VENCELLADAS AO DEPORTE

Fonte de información:

Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deportes "*Enseñanzas no universitarias. Alumnado matriculado*"²; Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades: "*Estadística de estudiantes*"³.

Ámbito de investigación:

A estatística de ensinanzas non universitarias abrangue as ensinanzas de réxime xeral, especial e a educación de adultos. A estatística recolle información de todo o alumnado nun curso académico nalguna das ensinanzas do ámbito.

Na estatística de estudantes universitarios as unidades de análise son as universidades españolas e todos os seus centros que se atopen en situación de impartir e expedir títulos oficiais.

Ámbito xeográfico

Nos resultados destas dúas estatísticas, considéranse os alumnos matriculados en centros educativos de Galicia.

Ámbito temporal

O período de referencia da información de base é o ano natural.

Ámbito sectorial

A definición de ensinanzas vencelladas ao deporte ven determinada polas dúas fontes de información utilizada.

Na estatística de ensinanzas non universitarias inclúense:

- Ensinanzas deportivas do réxime xeral: inclúe os alumnos matriculados segundo ciclo formativo "Actividades físicas e deportivas" tanto da FP básica, como dos ciclos formativos de grado medio e superior.
- Ensinanzas deportivas do réxime especial: inclúe o alumnado matriculado en ensinanzas de grao medio e superior.

² Metodoloxía en: <https://www.educacionfpydeportes.gob.es/dam/jcr:c711cf7b-4d32-4b06-a14e-9baa5590ba33/metodologia-no-univ-2022-23.pdf>

³ Metodoloxía en: https://www.universidades.gob.es/wp-content/uploads/2023/06/Metodologia_EEU.pdf

Na estatística de ensinanzas universitarias utilizamos a clasificación segundo o ámbito de estudo que, tal e como consta na metodoloxía, recolle os distintos ámbitos de estudo baseados na clasificación internacional de educación (ISCED-F 2013). Esta clasificación recolle as ensinanzas deportivas dentro do código "1014 Deportes"⁴.

⁴ Pode consultarse o detalle da clasificación no seguinte enlace:
<https://uis.unesco.org/sites/default/files/documents/isced-fields-of-education-and-training-2013-sp.pdf>